

dementos para o control de calidade interno como, por exemplo, as ISO/AOAC/IUPAC Guidelines on Internal Quality Control in Analytical Chemistry Laboratories (referencia 4).

#### Referencias:

1. W Horwitz, *Evaluation of Analytical Methods for Regulation of Foods and Drugs*, Anal. Chem., 1982, 54, 67 A-76 A.
2. *European Commission Report on the relationship between analytical results, the measurement of uncertainty, recovery factors and the provisions in EU food legislation*, 2004.  
([http://europa.eu.int/comm/food/food/chemicalsafety/contaminants/index\\_en.htm](http://europa.eu.int/comm/food/food/chemicalsafety/contaminants/index_en.htm)).
3. ISO/AOAC/IUPAC *International Harmonised Protocol for Proficiency Testing of (Chemical) Analytical Laboratories*, Edición de M. Thompson and R. Wood, Pure Appl. Chem. 1993, 65, 2123-2144 (publicado tamén en J. AOAC International, 1993, 76, 926).
4. ISO/AOAC/IUPAC *International Harmonised Guidelines for Internal Quality Control in Analytical Chemistry Laboratories*, Edición de M. Thompson e R. Wood, Pure Appl. Chem. 1995 67, 649-666.

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**16092** REAL DECRETO 1084/2005, do 16 de setembro, de ordenación da avicultura de carne. («BOE» 233, do 29-9-2005.)

A cría de aves para produción de carne é na actualidade unha das actividades gandeiras máis importantes do noso país. A produción de carne de ave medrou de maneira continuada durante as últimas décadas e proliferaron explotacións avícolas con distintas orientacións e especializacións dentro do sector.

Ainda que predomina a produción de carne de polo criado en sistema convencional, coñecido como «broiler», hai que ter en conta outras formas de produción e a cría doutras especies, como o pavo, ou de especies alternativas de máis recente aparición, como as avestruces, sen esquecer as explotacións dedicadas á cría de aves para repoboación cinexética cuxo destino final pode ser o seu consumo tras a caza.

O crecemento e a diversificación deste sector gandeiro suscitan unha situación para a cal se fai necesaria unha norma que oriente e canalice a produción de maneira ordenada e que asegure a súa adecuada xestión produtiva e sanitaria. A elaboración desta norma foi posible, en gran medida, debido ao impulso dado polo propio sector avícola de carne, que puxo de manifesto a súa necesidade.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece, nos puntos 1 e 2 do seu artigo 36, que as explotacións de animais de nova instalación, ou a ampliación das existentes, deberán cumprir coas distancias mínimas que se establezan respecto a poboacións, estradas, camiños e outras explotacións ou instalacións que poidan representar unha posible fonte ou medio de contaxio de enfermidades, ademais de dispoñeren da autorización previa da autoridade competente e que as condicións sanitarias básicas que deben cumprir as explotacións de animais

serán as que estableza a normativa vixente. O obxecto principal deste real decreto é desenvolver regulamentariamente a devandita lei e establecer as normas de ordenación das explotacións avícolas para produción de carne.

Así mesmo, considérase adecuado adaptar esta regulación aos requisitos establecidos no Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables aos intercambios intracomunitarios e as importacións de aves de curral e de ovos para incubar, procedentes de países terceiros, e no Real decreto 328/2003, do 14 de marzo, polo que se establece e regula o plan sanitario avícola.

Para a súa elaboración tivéronse en conta criterios zootécnicos, de sanidade e benestar animal, de protección do ambiente e de mellora da calidade e sanidade dos produtos. No que se refire ao disposto no anexo I respecto ás condicións de benestar dos animais, tívose en conta a posibilidade da súa revisión, de ser o caso, á luz da experiencia e, en calquera caso, se a aprobación de normativa comunitaria na materia o fai necesario.

Igualmente, na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de setembro de 2005,

### DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto establece as normas de ordenación das explotacións avícolas para produción de carne, incluídas as condicións mínimas de localización, infraestrutura zootécnica e hixiénico-sanitaria, de manexo e de rexistro, conforme a normativa vixente en materia de hixiene, sanidade animal, identificación e rexistro, benestar dos animais e protección do ambiente.

2. Este real decreto será de aplicación ás explotacións en que se críen ou manteñan aves de curral para produción de carne, segundo se definen no artigo 2, directamente ou como reproductoras para a produción de carne.

3. Ás explotacións gandeiras especiais de tratantes ou operadores comerciais e aos centros de concentración de animais de ocio, de ensino e de investigación, definidas no anexo III do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, só lles serán de aplicación os artigos 4.c), 5, 6, 7, 8.b), 8.e), 8.f), 9 e 11 deste real decreto.

Para os efectos deste punto, consideraranse tamén explotacións gandeiras especiais de tratantes ou operadores os comercios que compren e vendan pitos dun día de vida e outras aves de curral.

4. Aos matadoiros de aves só lles serán de aplicación os artigos 4.b).2.º, 4.c), 6, 7, 8.b), 8.e), 8.f), excepto a declaración censual prevista no parágrafo 3.º do artigo 8.e), así como os artigos 9 e 11.

5. Ás explotacións de aves cinexéticas para a solta ou repoboación só lles serán de aplicación os artigos 3, 4.c), 5, 6, 7, 8.b), 8.e), 8.f), 9, 11 e, de ser o caso, o 8.d).

6. Exceptúanse da aplicación deste real decreto:

a) As explotacións de autoconsumo segundo se definen no artigo 2.b).

b) A fauna silvestre, segundo se define no artigo 3.5 da Lei 8/2003, do 24 de abril.

c) Os animais de compañía e domésticos, segundo se definen nos puntos 3 e 4 do artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril.

d) Os centros de inspección e corentena, segundo se definen nos puntos 25 e 26 do artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril.

## Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do previsto neste real decreto, serán de aplicación as definicións contidas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, no artigo 2 do Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, e no artigo 2 do Real decreto 328/2003, do 14 de marzo. Así mesmo, entenderase como:

a) Explotación avícola de carne: calquera instalación, construción ou, no caso das explotacións ao aire libre, calquera lugar no territorio nacional utilizado para a cría ou tenza de aves de curral para produción de carne, tal como se definen na alínea d), en diante «explotación».

b) Explotación de autoconsumo: aquela explotación que produza ata un máximo de 210 quilos en equivalente de peso vivo de ave ao ano e en ningún caso comercialice os animais ou a súa carne. Non poderán ter esta consideración as explotacións que manteñan ou críen especies de aves corredoras (ratites).

c) Titular da explotación: calquera persoa física ou xurídica propietaria ou responsable dos animais incluso con carácter temporal.

d) Aves de curral para produción de carne: as galiñas, pavos, galiñas de Guinea, patos, gansos, paspallás, pombas, faisáns, perdices e aves corredoras (ratites), criados ou mantidos en cativerio como aves de cría ou de explotación para produción de carne, en diante «aves de curral». Inclúense nesta definición, dado o seu posible destino final para consumo, as aves das mencionadas especies que se críen para repoboación cinexética.

e) Bioseguridade: conxunto de medidas que abarcan aquelas estruturas da explotación e os aspectos do manexo orientados a protexer os animais da entrada e da difusión de enfermidades infecto-contaxiosas e parasitarias nas explotacións.

f) Unidade de produción: recinto, nave ou espazo delimitado que contén unha soa manda. Cando unha explotación teña varias unidades de produción, estas deberán estar delimitadas polo mesmo dispositivo perimetral e operar de acordo coas mesmas condicións de bioseguridade.

## Artigo 3. *Clasificación das explotacións avícolas de carne.*

1. As explotacións avícolas de carne de produción e reprodución, segundo se definen no anexo III do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, dependendo da actividade ou actividades a que se dediquen, diferenciaranse segundo a seguinte clasificación zootécnica:

a) Explotacións de selección: aquelas dedicadas á produción de ovos para incubar destinados á produción de aves de cría.

b) Explotacións de multiplicación: aquelas que manteñen aves de cría, dedicadas a producir ovos para incubar destinados á produción de aves de explotación.

c) Explotacións de recría ou criadeiros de aves de cría: aquelas dedicadas ao mantemento de aves de cría antes da fase de reprodución.

d) Explotacións de recría ou criadeiros de aves de explotación: aquelas dedicadas ao mantemento de aves de explotación antes da fase de produción.

e) Explotacións de produción: aquelas dedicadas ao mantemento de aves de explotación para a produción de carne ou para a subministración de especies de caza para repoboación.

f) Incubadoras: aquelas explotacións cuxa actividade consiste na incubación, na eclosión de ovos para incubar e na subministración de pitos dun día de vida.

Cada explotación terá unha única clasificación zootécnica para os efectos de rexistro e identificación. Non obstante, unha explotación poderá ter máis dunha clasificación baixo un mesmo código de explotación, soamente no caso en que as autoridades competentes consideren que as medidas de bioseguridade e o programa sanitario previsto no artigo 4.b).1.º son adecuados e suficientes para previr a introdución e o contaxio de enfermidades.

2. A cualificación sanitaria das explotacións será a que determine a autoridade competente en función, esencialmente, da súa situación sanitaria fronte ás enfermidades que sexan obxecto de control ou erradicación establecida regulamentariamente.

3. As explotacións avícolas de carne, dependendo da súa sustentabilidade ou autocontrol, segundo o anexo II.9.B do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, clasifícanse nunha das seguintes formas:

a) Sistema de cría ecolóxica: aquel sistema de cría no cal as aves son producidas en condicións diferenciadas, de conformidade co Regulamento (CEE) n.º 2092/91 do Consello, do 24 xuño de 1991, sobre a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios.

b) Sistema de cría convencional: aquel sistema de cría no cal as aves non son producidas segundo o establecido no Regulamento (CEE) n.º 2092/91 do Consello, do 24 de xuño de 1991, polo que non poden ser incluídas no sistema anterior.

4. Ademais das clasificacións dos puntos 1, 2 e 3, as explotacións avícolas de carne que estean producindo baixo algún dos sistemas de etiquetaxe facultativa descritos no anexo IV do Regulamento (CEE) n.º 1538/91 da Comisión, do 5 de xuño de 1991, que establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 1906/90 polo que se establecen normas de comercialización aplicables ás aves de curral, poderanse clasificar, con carácter voluntario, segundo algunha das seguintes formas de cría:

- a) Sistema extensivo en galiñeiro.
- b) Galiñeiro con saída libre.
- c) Granxa ao aire libre.
- d) Granxa de cría en liberdade.

Unicamente as explotacións de polos, galos, galiñas e capóns, pavos, gansos, patos e galiñas de Guinea se poderán incluír nesta clasificación.

## Artigo 4. *Condicións mínimas que deben reunir as explotacións avícolas de carne.*

As explotacións deberán, con carácter xeral, e sen prexuízo do disposto na normativa vixente, cumprir as seguintes condicións mínimas:

a) Condicións das construcións e instalacións.

1.º A explotación situarase nunha área delimitada, illada do exterior e que permita un control de entradas e saídas nela, e disporá de sistemas efectivos que protexan as aves de curral, na medida do posible, do contacto con vectores da transmisión de enfermidades.

2.º A explotación deberá contar con instalacións e equipos adecuados nos seus accesos, que aseguren unha limpeza e desinfección eficaz das rodas dos vehículos que entren ou saian da explotación. Así mesmo, disporá dun

sistema apropiado para a desinfección do calzado dos operarios e visitantes, ou dun sistema equivalente.

3.º O deseño, a ferramenta e os equipos da explotación posibilitarán a realización dunha eficaz limpeza, desinfección, desinsectación e desratización.

4.º As gaiolas ou outros dispositivos en que se transporten os animais serán de material facilmente limpable e desinfectable, e cada vez que se utilicen limparanse e desinfectaranse antes de utilizalas de novo, ou ben serán dun único uso.

5.º A explotación deberá dispoñer de dispositivos de reserva de auga. Estes dispositivos deberán estar deseñados de tal maneira que aseguren a subministración de auga en cantidade e dunha calidade hixiénica adecuada que garanta a ausencia de patóxenos das aves ou zoonóticos, permitindo eventuais tratamentos de cloración ou un sistema equivalente. Así mesmo, deberán ter unha capacidade que asegure que, en caso de corte de subministración, non se pon en perigo o benestar dos animais e deberán estar deseñados para evitar o crecemento de algas e ser de fácil acceso. No caso de que a auga de bebida proceda da rede de auga potable municipal, o tratamento de augas será obrigatorio soamente no caso de que os controis periódicos realizados na auga de bebida, incluída a contida nos depósitos, non garantan o previsto no parágrafo anterior.

6.º As explotacións deberán contar cunha cantidade suficiente de comedeiros e bebedoiros, adecuadamente distribuídos, que aseguren a máxima dispoñibilidade para todas as aves. Os bebedoiros deberán dispoñer dun sistema que reduza, no posible, a vertedura de auga á cama dos animais.

7.º Disporán de medios adecuados para a observación e secuestro de animais enfermos ou sospeitosos de enfermidades contaxiosas.

8.º As explotacións instaladas con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto deberán estar deseñadas, na medida do posible, para evitar a entrada de vehículos de abastecemento de pensos, de carga e descarga de animais e de retirada de esterco e de animais mortos, de forma que estas operacións se realicen desde fóra da explotación. En calquera caso, e cando sexa imprescindible a entrada e saída de vehículos auxiliares, estes deberán desinfectar antes de abandonaren a explotación e disporase dos medios documentais que deixen constancia de que se procedeu á correcta limpeza e desinfección dos citados vehículos.

#### b) Condicións hixiénico-sanitarias.

1.º Todas as explotacións contarán co programa sanitario establecido no artigo 3.2.b) do Real decreto 328/2003, do 14 de marzo. Sen prexuízo do disposto na alínea b) da disposición transitoria primeira deste real decreto, o devandito programa sanitario completárase cunha descrición das medidas de bioseguridade e de limpeza, desinfección, desratización e desinsectación das instalacións e da ferramenta e cun programa de formación en materia de bioseguridade e benestar animal para os operarios que estean en contacto cos animais, e deberallo presentar á autoridade competente para a súa aprobación e supervisión na súa aplicación polo veterinario autorizado ou habilitado da explotación.

2.º No caso dos matadoiros de aves, o programa sanitario establecido no parágrafo anterior consistirá nun protocolo ou manual de actuación fronte ás principais enfermidades das aves que lle presentarán á autoridade competente para a súa aprobación e que supervisará o veterinario oficial sen prexuízo do disposto na súa normativa específica.

3.º O funcionamento da explotación estará baseado nos principios de bioseguridade e de manexo por unidades de produción da mesma idade e estatus sanitario.

Para tal efecto, as explotacións poderán aplicar as guías de prácticas correctas de hixiene, de acordo co previsto no Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios.

4.º O persoal deberá utilizar roupa de traballo de uso exclusivo na explotación e os visitantes, roupa de protección facilmente lavable ou dun único uso.

5.º Os restos de cadáveres, plumas e outros subprodutos da explotación, incluídas as dexeccións e camas dos animais, deberán recoller, transportar, almacenar, manipular, transformar, utilizar ou eliminar de conformidade cos procedementos establecidos polas autoridades competentes en aplicación da normativa vixente e, en particular, o Regulamento (CE) n.º 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano.

6.º Sen prexuízo do establecido no Real decreto 328/2003, do 14 de marzo, polo que se establece e regula o plan sanitario avícola, despois do traslado ou da saída de cada manda ou ao terminar cada ciclo de produción, as unidades de produción e a ferramenta limparanse e desinfectaranse adecuadamente e manterase un tempo de espera antes da introdución do seguinte lote de animais de polo menos 12 días tras a devandita limpeza, desinfección, desratización e, de ser o caso, desinsectación. Así mesmo e durante ese tempo de espera, realizaranse as análises necesarias de comprobación da eficacia das devanditas operacións que incluirán, como mínimo, o control sobre salmonelas de importancia en saúde pública realizado por laboratorios autorizados pola autoridade competente, segundo o previsto no Regulamento (CE) n.º 2160/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de novembro de 2003, sobre o control da salmonela e doutros axentes zoonóticos específicos transmitidos polos alimentos.

Malia o anterior, naqueles casos en que se dispoña dos devanditos resultados analíticos que demostren a eficacia da limpeza e desinfección realizada poderase reducir o tempo de espera ata un mínimo de sete días.

No caso de unidades de produción con áreas de cría ou produción ao aire libre e de aves corredoras (ratites) deberán establecer as medidas hixiénico-sanitarias necesarias para lograr un descanso suficiente daquelas, que permita o control efectivo dos axentes infecto-contaxiosos e parasitarios.

7.º No caso das incubadoras, este tempo de espera poderase aplicar, dentro dunha mesma explotación, de forma alternativa ás máquinas de incubación presentes nela, sempre que se garanta que están sometidas á limpeza, desinfección e toma de mostras para control de salmonelas de importancia en saúde pública.

Respecto das incubadoras de carga múltiple, deberáse realizar limpeza, desinfección e toma de mostras do seu correspondente tempo de espera sempre que resulte posible. Este proceso deberá quedar rexistrado documentalmente e á disposición da autoridade competente. Cada vez que se introduza nunha delas un novo lote de ovos para incubar, deberán tomar mostras dos diferentes lotes presentes na incubadora en diferentes estados de incubación, de forma que se aparece un resultado positivo a salmonela o operador tome todas as medidas necesarias para asegurar a protección da saúde pública e o cumprimento da normativa vixente.

8.º Deberase levar un control eficaz de todas as visitas que se realicen á explotación, mediante o rexistro da data e da hora da visita, a identificación das persoas e vehículos e o lugar de procedencia.

9.º No caso de aparición dalgunha das epizootias previstas no Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, polo que se establece a lista de enfermidades de animais

de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación e as súas posteriores modificacións, será de aplicación o previsto na Lei 8/2003, do 23 de abril, e na normativa específica que regula as actuacións concretas que se deben levar a cabo en función da epizootia en cuestión.

c) Condicións de localización.

1.º En aplicación do establecido no artigo 36.1 da Lei 8/2003, do 24 de abril, e co fin de reducir o risco de difusión de enfermidades infecto-contaxiosas no gando aviar, calquera explotación que se instale con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto deberá respectar unha distancia mínima de 500 metros con respecto ás explotacións xa existentes ou con respecto a calquera outro establecemento ou instalación que poida representar un risco hixiénico-sanitario. Para estes efectos, entenderanse incluídas as plantas de transformación de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, os matadoiros de aves, as fábricas de produtos para a alimentación animal, os vertedoiros e calquera outra instalación onde se manteñan animais epidemioloxicamente relacionados, os seus cadáveres ou partes destes.

Así mesmo, a nova instalación dalgún dos establecementos descritos anteriormente deberá manter unha distancia idéntica respecto das explotacións avícolas de carne preexistentes.

2.º A medición, para o cálculo desta distancia, efectuarase a partir do punto das edificacións ou das áreas ao aire libre que alberguen os animais que se encontre máis próximo á instalación respecto da cal se pretende establecer a citada distancia.

3.º As mencionadas condicións de localización aplícaranse, así mesmo, ás ampliacións de superficie para o mantemento de aves que realicen as explotacións que se encontren en funcionamento previamente á publicación deste real decreto, de forma que só se poderán levar a cabo se se respectan as condicións establecidas na alínea a), sen prexuízo do establecido na alínea c) da disposición transitoria primeira.

d) Condicións de benestar das aves de curral. Sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de benestar animal, e en especial do Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, do Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza, e do Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño, polo que se establecen as normas relativas á protección dos animais durante o seu transporte, as explotacións deberán asegurar as condicións mínimas de benestar descritas no anexo I.

Artigo 5. *Identificación das aves de curral.*

1. Todas as aves de curral que abandonen unha explotación farano en dispositivos de transporte precintados, de maneira que, para abrilos, sexa imprescindible a destrución do recinto.

Para estes efectos, entenderase por dispositivo de transporte calquera sistema utilizado para trasladar as aves de curral e os ovos para incubar entre explotacións ou outras instalacións relacionadas, o que inclúe gaiolas, caixas, bandexas e elementos dos vehículos de transporte que albergan a carga e que asegure, en todo momento, unha separación clara entre animais de orixes diferentes.

No caso do transporte de pitos dun día de vida realizado en caixas, estas poderán non se precintar, e debe-

rarse identificar en calquera caso mediante un sistema que permita coñecer a súa orixe.

No suposto de que os vehículos de transporte utilizados para os traslados conteñan animais procedentes dunha única orixe e cun único destino, será suficiente con precintar o dispositivo de carga do vehículo que alberga as aves no seu conxunto.

2. Cada gaiola ou dispositivo onde se transporten os animais portará, nos correspondentes precintos, unha marca indeleble e lexible que identificará de maneira inequívoca, segundo se establece no punto 3 seguinte, a explotación de orixe das aves de curral transportadas. A marca indicará o código de explotación de acordo coa estrutura e na orde establecida no artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

3. Este artigo será, así mesmo, de aplicación ás galiñas poñedoras, tal e como se definen no artigo 2 do Real decreto 372/2003, do 28 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de establecementos de galiñas poñedoras, que saian da súa explotación con destino ao matadoiro para a súa conversión en carne.

Artigo 6. *Rexistro de explotacións.*

1. Créase, adscrito á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o rexistro xeral de explotacións avícolas de carne, integrado no Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA), establecido no artigo 3 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, ao cal se atará no que se refire ao seu contido e funcionamento. O devandito rexistro conterá a información relativa a todas as explotacións situadas en España. No caso dos matadoiros, este rexistro entenderase sen prexuízo do establecido no Real decreto 1712/1991, do 29 de novembro, sobre rexistro xeral sanitario de alimentos.

2. As comunidades autónomas inscribirán nun rexistro as explotacións que se sitúen no seu ámbito territorial de acordo co establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, conforme as clasificacións establecidas no artigo 3 deste real decreto, no cal farán constar todos os datos establecidos no anexo II do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, salvo as súas alíneas B.8) e B.10).

Artigo 7. *Libro rexistro de explotación.*

1. Os titulares das explotacións deberán levar de maneira actualizada un libro de rexistro de explotación denominado, en diante, libro de rexistro.

2. O libro de rexistro levarase de forma manual ou informatizada, estará dispoñible na explotación e será accesible para a autoridade competente, por petición desta, durante o período que esta determine e que, en calquera caso, non poderá ser inferior a tres anos despois da fin da actividade da explotación.

3. O libro de rexistro conterá, polo menos, os datos recollidos no anexo II, sen prexuízo de calquera outra información que estableza a normativa vixente.

Artigo 8. *Obrigas dos titulares das explotacións.*

Os titulares das explotacións avícolas deberán:

a) Presentar o programa sanitario previsto neste real decreto para que o autorice a autoridade competente.

b) Levar e manter debidamente actualizado o libro de rexistro conforme o que se establece no artigo 7.

c) Manter os rexistros documentais que aseguren o cumprimento das condicións establecidas no artigo 4 e, especificamente, os resultados das análises para o control de salmonelas, que se gardarán por un período non inferior a tres anos.

d) Levar e manter actualizado o correspondente rexistro de tratamentos medicamentosos segundo se establece nos artigos 7 e 8 do Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos.

e) Facilitarlle á autoridade competente, conforme os prazos establecidos no artigo 4 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo:

1.º A información necesaria para o rexistro da súa explotación.

2.º A información relativa aos cambios que se produzan nos datos da súa explotación.

3.º O censo total de animais mantidos na súa explotación durante o período censal, entendéndose como tal o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro, ambos inclusive, do ano anterior ao ano en curso, desagregado, se procede, por cada unha das clasificacións establecidas no artigo 3.1. Para estes efectos, entenderase por censo total:

Nas explotacións previstas no artigo 3.1.a) e b), o número de aves presentes na explotación no 1 de xaneiro, máis o número de aves que entraron na explotación, menos o número de aves que saíron da explotación durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro inclusive.

Nas explotacións previstas no artigo 3.1.c), d) e e), o número total de animais que saíron da explotación con destino a outras explotacións ou a sacrificio durante o período censal, así como o número de mandas en que se dividiu o devandito número total.

Nas explotacións previstas no artigo 3.1.f), o número de ovos incubados saídos da explotación.

f) Prover de medios de información e de formación adecuada en materia de bioseguridade e de benestar animal os operarios de acordo cos contidos que estableza a autoridade competente.

#### Artigo 9. *Autorización de novas explotacións.*

Correspóndelle ao órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio radique a explotación outorgar a autorización de novas explotacións. Deberase acreditar ante o devandito órgano o cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto, unha vez obtidos todos os permisos ou licenzas exhibibles pola normativa vixente.

#### Artigo 10. *Réxime de control.*

Correspóndelles ás autoridades competentes realizar os controis necesarios para comprobar o cumprimento das condicións e requisitos exixidos neste real decreto.

Para tal fin, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en colaboración coas comunidades autónomas, instrumentará mecanismos de coordinación que aseguren unha aplicación homoxénea deste real decreto en todo o territorio nacional.

#### Artigo 11. *Réxime sancionador.*

No caso de incumprimento do disposto neste real decreto será de aplicación o réxime de infraccións e sancións aplicable establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición transitoria primeira. *Condicións estruturais, programa sanitario e condicións de localización das explotacións existentes.*

As explotacións existentes con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto:

a) Deberanse adaptar ás condicións estruturais exixidas no artigo 4.a).1.º a 7.º, segundo os seguintes prazos:

1.º 18 meses desde a súa entrada en vigor, no caso dos parágrafos 2.º, 3.º, 4.º, 6.º e 7.º

2.º 24 meses desde su entrada en vigor, no caso dos parágrafos 1.º e 5.º

b) Deberán completar oportunamente o seu programa sanitario segundo o establecido no artigo 4.b).1.º nun prazo máximo de 18 meses a partir da entrada en vigor deste real decreto.

c) Poderán, no suposto de que no momento da súa publicación non cumpran as exixencias establecidas no artigo 4.c), ampliar a superficie para o mantemento de aves, logo da autorización da autoridade competente, ata o momento en que se cumpran 24 meses tras a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Formación en bioseguridade e benestar animal.*

A formación prevista no artigo 4.b).1.º e no anexo I.A.a) será obrigatoria a partir dos 24 meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada toda disposición de igual ou inferior rango en todo aquilo que se opoña a este real decreto e, en particular, naquilo que afecta as explotacións avícolas de carne, o Decreto 2602/1968, do 17 de outubro, polo que se ditan normas sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións avícolas e salas de incubación, e a Orde do 20 de marzo de 1969 sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións avícolas e salas de incubación, así como a Orde do 24 de xaneiro de 1974 pola que se ditan normas sobre ordenación zootécnico-sanitaria de granxas cinexéticas.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.*

O número 11 da parte B do anexo II do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, queda redactado do seguinte modo:

«11. Clasificación segundo a forma de cría.

a) Explotacións avícolas de produción de ovos:

Ecolóxica.  
Campeira.  
No chan.  
En gaiolas.

b) Explotacións avícolas de produción de carne:

Sistema extensivo en galiñeiro.  
Galiñeiro con saída libre.  
Granxa ao aire libre.  
Granxa de cría en liberdade.»

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto e, en particular, para a modificación das datas e dos prazos, así como dos seus anexos, especialmente cando normas de ámbito comunitario o fagan necesario.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, salvo a obrigatoriedade das análises previstas no artigo 4.b).6.º e 7.º, que entrará en vigor aos catro meses da súa publicación.

Dado en Madrid o 16 de setembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

**ANEXO I**

**Condicións mínimas de benestar das aves de curral para produción de carne**

**A) Condicións xerais para todas as explotacións**

a) Formación.—O titular da explotación deberá garantir que todo o persoal encargado de coidar e manipular os animais posúa a formación, os coñecementos e a competencia profesional necesaria para asegurar o benestar destes.

Para tal fin, as autoridades competentes aseguraranse de que se realice a formación a que se refire o parágrafo anterior mediante cursos que terán unha duración mínima de 20 horas e incluírán, polo menos, contidos teóricos e prácticos sobre fisioloxía animal, comportamento animal, sanidade animal, funcionamento dos equipos e instalacións de produción e lexislación en materia de benestar animal.

b) Mutilacións dos animais.—Entenderase por «mutilación» unha operación practicada a unha ave para fins distintos dos terapéuticos e que entrañe dano ou perda dunha parte sensible do corpo ou modificación da estrutura ósea, ou que provoque dor ou angustia significativas.

Só en casos imprescindibles se poderán realizar mutilacións (incluídas as castracións). Serán levadas a cabo por un veterinario ou, baixo a súa supervisión, por persoal con formación específica recoñecida pola autoridade competente.

Sen prexuízo do anterior, as autoridades competentes poderán autorizar a castración de aves da especie *Gallus gallus*, para a produción de capóns e pularadas, sempre que o solicite o titular da explotación, se trate de producións tradicionais e se garanta que o persoal que o realiza está formado especificamente e se leva a cabo coa analxesia e anestesia adecuadas.

Prohíbese arrancarlles pluma ou penuxe aos animais vivos.

c) Control ambiental das instalacións.—Cando as unidades de produción consistan en naves cerradas controlaranse diariamente as temperaturas máximas e mínimas que se produzan no interior.

d) Condicións da cama.—Todos os animais criados no chan deberán ter acceso permanente á cama e evitárase o seu amazamento na superficie. Manterase a devandita cama en tales condicións ao longo de toda a crianza para se evitaren lesións nos animais.

**B) Condicións específicas**

a) Explotacións de reprodución en sistema de cría e recria convencional de animais da especie *Gallus gallus*.—Nas explotacións onde se manteñan aves de cría (femias e machos), cando estean en fase de posta, a partir das 24 semanas de idade, as densidades máximas por metro cadrado non poderán superar as seguintes cifras:

Para explotacións con sistemas de ventilación natural: 4,7 aves.

Para explotacións con sistemas de ventilación natural con refrixeración ou calefacción: 5,3 aves.

Para explotacións con sistemas de ventilación forzada: 5,7 aves.

Para explotacións con sistemas de ventilación forzada con refrixeración ou calefacción: 6,3 aves.

Para os efectos deste punto, entenderase por:

Explotación con sistema de ventilación natural: aquelas explotacións nas cales a entrada ou a saída do aire na nave se realiza a través das ventás do edificio, sen sistemas mecánicos auxiliares.

Explotacións con sistemas de ventilación natural con refrixeración ou calefacción: aquelas explotacións con sistemas de ventilación natural que, ademais, dispoñen de dispositivos de refrixeración ou calefacción apropiados para o control da temperatura no interior das naves.

Explotacións con sistema de ventilación forzada: aquelas explotacións nas cales, para a renovación do aire do interior da nave, utilizan sistemas mecánicos auxiliares, tipo ventiladores.

Explotacións con ventilación forzada con refrixeración ou calefacción: aquelas explotacións con sistema de ventilación forzada que, ademais, contan con dispositivos de refrixeración ou calefacción para o control da temperatura no interior das naves.

b) Explotacións de produción e cría de carne en sistema convencional de animais da especie *Gallus gallus*.

1. En cada nave da explotación non se poderá superar unha densidade de 30 quilos de peso vivo de animais por metro cadrado de superficie útil da nave. Non obstante, cando a través de sistemas mecánicos auxiliares se poida garantir o control e modificación dos parámetros ambientais de temperatura, humidade relativa e renovación de aire, poderase permitir ata un máximo de 38 quilos de peso vivo de animais por metro cadrado. En tal caso, a concentración de amoníaco (NH<sub>3</sub>) no aire non excederá 20 ppm e a concentración de dióxido de carbono non excederá as 3000 ppm, medidos ao nivel da cabeza dos polos.

2. Malia o disposto no parágrafo anterior, a autoridade competente poderá modificar á baixa estas cifras máximas cando comprobe que o benestar dos animais se encontra comprometido.

c) Explotacións de patos, gansos e os seus cruzamentos.—Será de aplicación o disposto nas seguintes recomendacións:

Recomendación relativa aos patos domésticos (*Anas platyrhynchos*), adoptada o 22 de xuño de 1999; Reco-

mendación relativa ao pato crioulo ou de Berbería (*Cairina moschata*) e os híbridos de pato crioulo e de patos domésticos (*Anas platyrhynchos*), adoptada o 22 de xuño de 1999, e Recomendación relativa aos gansos domésticos (*Anser anser f. domesticus*, *Anser cygnoides f. domesticus*) e os seus cruzamentos, adoptada o 22 de xuño de 1999, segundo o artigo 9 do Convenio europeo de protección dos animais en explotacións gandeiras, feito en Estrasburgo o 10 de marzo de 1976, e ratificado por España o 21 de abril de 1988.

d) Explotacións de produción de pavos.–Será de aplicación o disposto na Recomendación relativa aos pavos (*Meleagris gallopavo ssp*), adoptada o 21 de xuño de 2001, segundo o artigo 9 do Convenio europeo de protección dos animais en explotacións gandeiras, feito en Estrasburgo o 10 de marzo de 1976, e ratificado por España o 21 de abril de 1988.

e) Explotacións de aves corredoras (ratites).–Será de aplicación a Recomendación relativa a aves corredoras (avestruces, emús e ñandús), adoptada polo Comité Permanente o 22 de abril de 1997, segundo o artigo 9 do Convenio europeo de protección dos animais en explotacións gandeiras, feito en Estrasburgo o 10 de marzo de 1976, e ratificado por España o 21 de abril de 1988.

## ANEXO II

### Contido mínimo do libro de rexistro de explotación

O libro de rexistro de explotación conterá, con carácter xeral, os seguintes datos:

- Código de explotación.
- Nome e enderezo da explotación.
- Identificación do titular e enderezo completo.

d) Clasificación da explotación, desagregada por cada unha das establecidas no artigo 3.

e) Inspeccións e controis: data de realización, motivo, número de acta, de ser o caso, e identificación do veterinario actuante.

f) Capacidade máxima produtiva de animais anual. Se procede, deberase indicar por cada unha das clasificacións establecidas no artigo 3.1.

g) Entrada de lotes de animais: data, cantidade de animais e, se procede, categoría a que pertencen desagregada por cada unha das clasificacións establecidas no artigo 3.1; código da explotación de procedencia e número de guía ou certificado sanitario.

h) Saída de lotes de animais: data, cantidade de animais e, se procede, categoría a que pertencen, desagregado por cada unha das clasificacións establecidas no artigo 3.1; código da explotación, matadoiro ou lugar de destino e número de guía ou certificado sanitario.

i) Incidencias de calquera enfermidade infecto-contaxiosa e parasitaria, data, número de animais afectados e medidas practicadas para o seu control e eliminación, de ser o caso.

j) Censo total de animais mantidos por explotación durante o ano anterior desagregado, se procede, por cada unha das clasificacións establecidas no artigo 3.1, de acordo coa declaración prevista no artigo 8.e).3.º

Non obstante, o libro de rexistro dos matadoiros avícolas poderá non incluír os datos contidos nas alíneas d), e), f) e j) deste anexo.

O disposto nas alíneas e), g), h), i) e j) deste anexo poderase rexistrar a través dos documentos establecidos no Real decreto 328/2003, do 14 de marzo, ou noutras normas, sempre e cando todos os datos requiridos nos citados parágrafos figuren nos devanditos documentos.